



O libro de Aurora Marco, publicado pola editorial TostoSoutos, conta coa aprobación da familia do poeta. Á dereita, Lino Braxe co escritor de Noia

## Unha biografía autorizada reflicte a súa relación con xente da comarca Ferrol e Avilés de Taramancos

Lorena Romero Carballo • Ferrol

A celebración do día das Letras Galegas, o vindeiro 17 de maio, fai aflorar unha serie de obras sobre Avilés de Taramancos, a persoa á que se lle dedica este ano unha data tan especial para a lingua e literatura galegas. Un deses libros, concretamente *Avilés de Taramancos, un francotirador da fermosura*, escrito por Aurora Marco e publicado pola editorial TostoSoutos, deixa patente unha estreita relación do poeta de Noia coa cidade de Ferrol e con algunhas das persoas da comarca.

A portada do libro foi realizada por Alfonso Costa, un pintor que, aínda que natal de Noia, como o poeta, está moi vinculado ó concello de Vilamaior, concretamente a Doroña, xa que viviu alí du-

rante varios anos. Costa recibiu o encargo de ilustrar a portada da obra de Aurora Marco e fixoo cun cadro no que se resalta a figura de Avilés de Taramancos.

Pero este non é o único vínculo da obra coa zona, xa que nesta biografía autorizada pola súa familia, a única

desta condición, publícanse unha serie de fotografías inéditas nas que podemos atopar a algunhas persoas destacadas da comarca ferrolá.

Exemplo das súas amizades na zona é o caso da imaxe que aparece no libro co tamén poeta murgardés Lino

Braxe, que posa nunha fotografía con Avilés de Taramancos e María do Carmo Henriquez Salido.

Ademais, Avilés de Taramancos realizou o servizo militar en Ferrol, no ano 1956, segundo consta no rexistro da Zona Marítima do Cantábrico. Tras o período de instrución, pasou a ser escribente nunha das oficinas da Capitanía Xeral. A súa experiencia durante este período da súa vida foi plasmada polo poeta de Noia nalgúns poemas espontáneos, que amosaban as súas protestas irónicas contra algún dos seus superiores ou, incluso, contra algunhas comidas do cuartel.

O café Bonilla, na praza do Callao, foi na década dos 50, un lugar moi frecuentado por Avilés e os membros do grupo Aturuxo.



### As etapas da súa vida

No libro poden apreciarse dúas etapas ben diferenciadas e que marcaron, decisivamente, a vida de Avilés de Taramancos. A primeira delas, na Coruña, onde o poeta entrou en contacto cos intelectuais da súa xeración. A continuación, e nun apartado diferente da obra, relátanse algunhas das vivencias dos 20 anos que estivo en Colombia, á época na que madura como poeta. De gran valor son tamén as cartas que aparecen ó final do libro e nas que se da fe da relación epistolar que Avilés de Taramancos mantiña con diferentes intelectuais da súa época, como Alexandre González Pascual, Tomás Barros ou Neira Vilas, entre outros.